

INICIO DE CURSO EDUCACIÓN SECUNDARIA

Estimadas familias:

O mércores día 15 de setembro comezan as clases en ESO e pola tanto, lembramos algunhas das recomendacións a ter en conta no contexto actual da pandemia COVID:

O primeiro día de clase os horarios de entrada e saída realizaranse pola Rúa das Orfas. Como indicamos no seu día, as entradas e saídas serán escalonadas e en distintas franxas horarias. Pedímosvos que non acudades ao centro moito antes da hora de entrada para evitar acumulacións nas portas de acceso.

As entradas e saídas estarán supervisadas, faranse de xeito ordenado, en ringleira, sen facer agrupamentos e mantendo a distancia interpersonal de seguridade. Cumpriremos coas medidas de distancia e hixiene indicadas no Protocolo COVID.

A partir do segundo día de clase, o horario será o normal do curso para o mes de setembro.

No momento actual a maioría do alumnado do Ensino Secundario está vacinado ou en vías de completar a dobre pauta de vacinación prevista polas autoridades sanitarias. Con todo isto, non podemos relaxarnos no cumprimento das normas e medidas de seguridade. Pregamos ás familias que antes de saír da casa, realicen unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por coronavirus. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas non se enviará ao alumno á clase e solicitarase consulta co seu médico ou pediatra.

O material que terá que traer o alumnado será:

- ✓ **Máscara de protección posta (obrigatorio a partir de 1º primaria) e outra de reserva hixienizada gardada nun estoxo exclusivo para este fin.**
- ✓ **Envase pequeno de xel hidroalcolico (recomendable a partir de 4º de primaria).**
- ✓ **Botella de auga pequena co nome do alumno.**
- ✓ **Non é preciso traer todos os libros o primeiro día. Recomendase ir traéndoo pouco a pouco.**

Un saúdo

O Equipo Directivo